




Prestacións sanitarias e asistenciais para o profesorado do ensino público



Normativa sanitaria e asistencial. Profesorado do ensino público

**TODO O QUE PRECISAMOS SABER SOBRE MUFACE e
SEGURIDADE SOCIAL: baixas médicas, prestacións económicas
durante a incapacidade temporal, prestacións sanitarias
e asistenciais, urxencias sanitarias e accidentes laborais,
vacacións non gozadas, risco durante o embarazo...**

Información actualizada a xullo de 2023

Tes nas túas mans un documento extenso e de marcado carácter informativo sobre cuestións, todas relacionadas co ámbito sanitario e de prestacións sociais que, en ocasións, son descoñecidas por unha parte importante do profesorado e que suscitan moitas consultas no sindicato. A distinción entre profesorado vinculado á mutualidade de funcionariado MUFACE e ao Réxime Xeral da Seguridade Social tamén require que coñezamos ben todos os dereitos e obrigas que implican ao longo da nosa vida profesional, pertencamos a calquera deles.

A confusión habitual entre pertencer ao Réxime Especial de Clases Pasivas ou ao xeral da Seguridade Social e á vez a MUFACE nos dous casos, mesturando as diferenzas na xubilación (provocadas polos sucesivos pactos sindicais estatais nas reformas das pensións), ou a densa información sobre prestacións sociosanitarias, xunto coa masiva incorporación de novo funcionariado de carreira nos últimos anos que cotiza a efectos de xubilación á SS pero pertence a MUFACE, levounos a actualizar contidos da nosa web e a editar este CIG-Infoma especial.

Información e conflito: exercicio dos nosos dereitos e loita para melloralos

Na última década perdemos dereitos retributivos e de condicións de traballo, mais tamén de protección social. Algúns recuperámoslos, como foi o caso do cobro íntegro dos nosos salarios se estamos de baixa. Outros seguen esquecidos aínda que se deran pasos insuficientes: a protección da nosa saúde laboral é un elemento descoidado pola Xunta que só se move a golpe de denuncias da CIG pola ausencia de avaliación de riscos e, con todo, dun xeito pouco eficiente.

Noutros casos imos avanzando mediante melloras que son froito da presión sindical que, en moitos casos non se dá nas rúas ou nas mesas de negociacións, senón nos xulgados (como o dereito ao recoñecemento médico do persoal docente), ante a negativa da administración a recoñecer melloras e eliminar discriminacións.

En todo caso, desde unha organización sindical maioritaria como é a CIG-Ensino temos que poñer

todo o que estea nas nosas mans para ter ben informado ao profesorado ao que representamos e debemos manter, como procuramos facer decotío, a mobilización e o conflito como mecanismo de avance nas conquistas sociais. Todas e todos nós, docentes do ensino público, temos tamén un papel, no individual e como colectivo, para avanzarmos nos nosos dereitos: coñecelos ben e defendelos.

As edicións especiais dos nosos CIG-Infoma, como é o de permisos, licenzas e excedencias, o de retribucións ou o de xubilacións e pensións buscan ese obxectivo: informar para coñecer e defender os nosos dereitos. Só quen coñece os seus dereitos pode loitar axeitadamente para exercelos.

Agardemos que este CIG-Infoma poida servir tamén como fonte de información e consulta para coñecer as nosas obrigas, exercer os nosos dereitos e loitar para defendelos, tamén no ámbito sociosanitario.



MUFACE e Seguridade Social: ámbito persoal

O profesorado do ensino público ten dous sistemas de protección sanitaria e social, ambos de carácter forzoso aínda que, na práctica, hai **tres situacións diferentes en función da situación administrativa**:

- **Funcionariado de carreira que accedeu antes de xaneiro de 2011:** pertence ao **régime especial de Clases Pasivas a efectos da xubilación**, é dicir, mantén o dereito a xubilarse anticipadamente aos 60 anos se cumpre certos requisitos e, tamén obrigatoriamente, forma parte da mutualidade do funcionariado civil do Estado (**MUFACE**). A **prestación sanitaria** pode ser a través do **SERGAS** ou dalgunha das **entidades concertadas**.
- **Funcionariado que aprobou as oposicións desde xaneiro de 2011:** entran no que podemos denominar un **régime mixto**. A efectos de

xubilación pasa a formar parte do **régime xeral da Seguridade Social** (con excepción de quen sendo xa funcionariado antes do 2011 supera un proceso selectivo de promoción interna ou de integración noutro corpo docente). Porén, a efectos de **protección sanitaria**, **pertence a MUFACE**. A **prestación sanitaria**, como todo o funcionariado de carreira, é a través do **SERGAS** ou dalgunha das **entidades concertadas**.

- **Profesorado interino e substituto:** forma parte, **a todos os efectos, da Seguridade Social. A prestación sanitaria é a través do SERGAS**. Neste colectivo tamén se inclúe determinado profesorado que procedía doutras administracións e se integrou na Xunta, así como o profesorado de relixión, que ten unha vinculación como persoal laboral da Xunta.

MUFACE

Que é MUFACE?

Ao adquirir a condición de **funcionario/a de carreira, pásase obrigatoriamente a formar parte do Mutualismo administrativo**, un dos mecanismos de cobertura dos Réximes Especiais da Seguridade Social para o funcionariado.

MUFACE é o organismo público encargado de prestar asistencia sanitaria e social ao colectivo de funcionarios e funcionarias da Administración Civil do Estado. Conta cuns Servizos Centrais e unha estrutura territorial a través das direccións provinciais. O contacto con MUFACE pode facerse presencialmente nas súas sedes, na súa sede electrónica na web ou a través da app oficial.

Ao converterse en mutualista, MUFACE expide un **documento de afiliación**, que acredita a condición de afiliada ou afiliado á Mutualidade. A maiores deste documento cada persoa mutualista terá a correspondente **tarxeta sanitaria do SERGAS ou das expedidas polas entidades sanitarias concertadas**.

Asistencia sanitaria e prestacións farmacéuticas

Para a prestación de **servizos médicos, farmacéuticos en réxime ambulatorio, hospitalario, domiciliario e de urxencia**, pódese elixir a prestación pública a través do **SERGAS** ou ben a dunha das entidades privadas de seguro de asistencia sanitaria como **ADESLAS, ASISA ou DKV**.

Polo feito de que unha funcionaria ou funcionario decida optar para a súa asistencia médica polo SERGAS, non por iso pertence ao Réxime Xeral da Seguridade Social a efectos da prestación sanitaria. **Segue pertencendo a MUFACE** a través do convenio que esta mutualidade do funcionariado mantén co SERGAS para a atención médica.

O cambio de entidade pode facerse durante o mes de xaneiro a través da sede electrónica ou por correo postal, mediante un impreso específico.



Quen debe e quen pode ser mutualista de MUFACE?

Mutualistas con carácter obrigatorio

É mutualista con carácter obrigatorio **todo o funcionariado de carreira e en prácticas** dos distintos corpos docentes.

Mantén a condición de mutualista obrigatorio o citado funcionariado cando pasa ás situacións administrativas de **servizos especiais** (salvo os supostos de baixa ou suspensión de alta por pasar a prestar servizos como persoal da administración da Unión Europea ou doutra organización internacional da que o Estado español faga parte), **servizos noutras administracións públicas, excedencia por coidado de familiares, por razón de violencia de xénero ou violencia terrorista e suspensión provisional ou firme de funcións**.

Mutualistas obrigatorios por dereito de opción

Hai algúns casos moi limitados nos que se pode manter a condición de mutualista obrigatorio (funcionariado das antigas universidades laborais se optan pola xubilación anticipada por Clases Pasivas) ou en determinados casos como, por exemplo, a transferencia de funcionariado non docente a unha comunidade autónoma desde a estatal.



Mutualistas con carácter voluntario

O funcionariado que pase á situación de **excedencia voluntaria en calquera das súas modalidades e o funcionariado que perda dita condición, pode manter voluntariamente a condición de mutualista**. Así, por exemplo, se unha funcionaria de carreira pide unha excedencia por interese particular (para dedicarse a outro traballo fóra da administración ou mesmo para ocupar unha praza como interina na mesma ou diferente administración) pode manter a súa cotización a MUFACE e manter os seus dereitos como mutualista. **Ten que solicitalo no prazo dun mes e debe aboar directamente as cotas da mutualidade**, tanto as que lle correspondan como funcionaria como as que debe pagar a administración.

As persoas mutualistas en situación de baixa como tales e que o son con carácter voluntario, **recuperarán a condición de mutualistas obrigatorios se reingresan ao servizo activo ou a situacións asimiladas**, ou cando sexan declaradas **xubiladas** se cumpren os requisitos establecidos na normativa da Mutualidade.

Mutualistas beneficiarias

Poden ser incluídas como persoas beneficiarias as seguintes **familiares ou asimiladas a cargo** dun ou dunha mutualista en alta:

- 1.- O **cónxuxe** da persoa mutualista, así como a **persoa que conviva con ela en análoga relación de afectividade** á do cónxuxe.
- 2.- **As descendentes e fillos ou fillas, naturais ou adoptivos, de ambos os cónxuxes ou de calquera deles, así como as da persoa que conviva coa mutualista en análoga relación de afectividade** á de cónxuxe. Para que as fillas ou fillos do cónxuxe ou da parella de feito accedan a esta condición, estes deben ostentar á súa vez a condición de beneficiarias da persoa mutualista.
- 3.- Asímílanse a fillos/as e descendentes as **menores suxeitas a acollemento e tutela legal polo mutualista, así como o seu cónxuxe ou a súa parella de feito**, sempre que nestes dous últimos supostos ostenten á súa vez a condición de persoas beneficiarias do ou da mutualista.
- 4.- **Irmáns e irmás da persoa mutualista.**
- 5.- As **ascendentes**, calquera que sexa a súa condición legal, mesmo de natureza adoptiva, **tanto da mutualista como do seu cónxuxe, e cónxuxes por posteriores nupcias de tales ascendentes.**

Requisitos para ser persoa beneficiaria:

- Vivir coa persoa titular do dereito e ás súas expensas.
- Non percibir ingresos por rendementos derivados do traballo superiores ao dobre do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), é dicir, **16.800€ anuais en 14 pagas** (valor no 2023).
- Non estar protexido, por título distinto, a través de calquera dos Réximes que integran o Sistema da Seguridade Social cunha extensión e contidos análogos aos establecidos no Réxime Xeral.

Alta de mutualistas

O rexistro de mutualistas pódese realizar de varias maneiras: a través da **sede electrónica de MUFACE** (sempre que se dispoña de identificación dixital a nivel estatal (DI electrónico, certificado dixital ou sistema Cl@ve; neste último caso é posíbel solicitalo a través de Internet sen necesidade de desprazarse), nas propias oficinas de MUFACE, **a través doutros rexistros e por correo**. No caso de que a alta non se formalice por Internet será preciso achegar copia do carné de identidade e da toma de posesión como funcionariado en prácticas ou de carreira.

Noutro trámite diferente, pero que pode realizarse simultaneamente, a funcionaria ou funcionario docente poderá solicitar a **inclusión en MUFACE de familiares ou persoas asimiladas como beneficiarias**. Para iso será preciso cubrir expresamente o impreso AB-2 de Alta, Variación e Baixas de Persoas Beneficiarias dispoñíbel na web de MUFACE e enviar a documentación que corresponda, dependendo do tipo de relación que se manteña coa persoa para a que se solicita a condición de beneficiaria.

Unha persoa beneficiaria non pode estar de alta simultaneamente con dúas persoas que xeren o dereito á prestación sanitaria.

- No caso de crianzas e outros familiares ou asimilados/as de dous o máis mutualistas, terá que optarse pola súa inclusión como beneficiaria dunha delas.

- Se a persoa que se quere dar de alta como beneficiaria xa figura noutro réxime da Seguridade Social (por exemplo, unha filla ou fillo dado de alta na Seguridade Social coa parella da mutualista), deberá achegar:

- Autorización da persoa titular para poder estar dada de alta en MUFACE ou, no seu defecto, realizar a baixa previa no réxime en que se atope.
- Se a persoa beneficiaria é maior de idade, autorización para que a Mutualidade acceda aos datos do seu nivel de renda na Axencia Tributaria ou acreditación documental da súa dependencia económica da persoa titular.

No caso de que **unha persoa tanto titular como beneficiaria deixe de cumprir os requisitos para ostentar esta condición deberá comunicárselle a MUFACE (antes de un mes)**, ben mediante o impreso anteriormente mencionado ou ben por escrito simple enviado por correo xa que, do contrario, as prestacións que se puideran ter percibido despois dese período (incluído o gasto farmacéutico), salvo causa xustificada, poderán ser consideradas como indebidas. Así mesmo, tamén se poderá comunicar a **reactivación da alta das persoas beneficiarias** mediante este mesmo sistema.

Persoas xubiladas

Igualmente, é mutualista obrigatorio o funcionariado cando fose declarado xubilado no corpo administrativo vinculado ao Mutualismo Administrativo se reúne algún dos seguintes requisitos:

- Que procedan das situacións administrativas que leven á alta na condición de mutualista obrigatorio/a (servizo activo, servizos especiais e asimiladas).
- Que mantivesen a súa alta como mutualistas voluntarios/as.

Que perciban pensión do Réxime de Clases Pasivas

causada pola súa condición de funcionariado incluído no ámbito de aplicación de MUFACE. No caso do funcionariado de novo ingreso desde o 1 de xaneiro de 2011 a pensión percibida será do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Beneficiarias en caso de falecemento

En caso de falecemento da persoa mutualista en alta (en activo ou xubilada), unicamente poderá ser beneficiaria do Mutualismo Administrativo **o viúvo ou viúva e os orfos e orfas da mesma**. Considéranse asimilados a viúvo ou viúva quen perciban pensión de viuvez por ser cónxuxes ou parella de feito de funcionariado incluído no campo de aplicación do Mutualismo Administrativo. Considérase equiparado a orfo ou orfa o fillo ou filla menor de idade ou maior incapacitado que fose abandonado polo proxenitor mutualista.

O único requisito que debe cumprir unha persoa para manter a condición de beneficiaria é o de non estar protexida, por título distinto, a través de calquera dos Réximes que integran a Seguridade Social.

Beneficiarias en caso de extinción de vínculo matrimonial

Poderán conservar a condición de beneficiarias do Mutualismo Administrativo, sempre que non estean protexidas, por título distinto, a través de calquera dos Réximes que integran a Seguridade Social, o cónxuxe que viva separado dunha persoa mutualista en alta ou cuxo matrimonio fora declarado nulo ou disolto por divorcio e teña dereito a unha pensión compensatoria a cargo daquel, así como os/as fillos/as do mutualista.

INFÓRMATE SOBRE OS TEUS DEREITOS

**AFÍLIATE PARA SERMOS MÁIS FORTES NA DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO
E DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE**

Prestacións sociosanitarias

As mutualistas de MUFACE teñen dereito á prestación de **servizos médicos, farmacéuticos en réxime ambulatorio, hospitalario, domiciliario e de urxencia a través da entidade elixida** (SERGAS ou entidade privada). Nos medicamentos abóase o **30% do seu prezo**, tanto o persoal en activo como sendo pensionista.

A maiores hai establecidas unha serie de **axudas para sufragar determinado tipo de tratamentos médicos ou de dispositivos relacionados coa saúde e o benestar da persoa mutualista titular ou das persoas beneficiarias**, que deben solicitarse a través da sede electrónica de MUFACE.

Resumo das prestacións sociosanitarias 2023

Prestacións	Contía
Dentadura completa (superior e inferior)	€ 200
Dentadura superior ou inferior	€ 100
Peza, funda ou coroa (cada unha)	€ 20
Empaste, obturación ou reconstrución (cada un)	€ 10
Implante osteointegrado	€ 60
Tratamento de ortodoncia	€ 250
Endodoncia	€ 20
Lentes (de lonxe ou preto)	€ 20
Lentes bifocais/progresivas/ocupacional	€ 30
Substitución de cristal (de lonxe ou preto)	€ 10
Substitución de cristal bifocal/progresivo/ocupacional	€ 15
Lente de contacto para erros de refracción	€ 20
Lentes de contacto desbotables (axuda anual) para erros de refracción	€ 30
Lente terapéutica para o tratamento da patoloxía aguda da superficie ocular	€ 40
Axudas ópticas para baixa visión: microscopios, telescopios, telemicroscopios, lupas	
Axudas ópticas para baixa visión: filtros para baixa visión	€ 35
Axudas prismáticas para alteracións severas da motilidade ocular	€ 80
Audiófono (con período de renovación de 48 meses)	€ 300
Audiófonos con sistema Bicross (con período de renovación de 48 meses)	€ 440
Colchón antiéscaras, con ou sen compresor, con período de renovación de 36 meses	€ 125
Laringófono (require informe de apoio)	€ 1.100
Próteses externas, cadeiras de rodas, ortoses e próteses especiais: Diferentes contías dependendo do tipo de prótese e da necesidade	Varias
Próteses capilares por tratamentos oncolóxicos	€ 200
Suxeitadores postumorectomía, postmastectomía e outras prendas de natureza similar en tratamentos oncolóxicos (até dúas pezas no ano)	€ 75

Compra dos produtos alimenticios elaborados, tratados ou preparados para atención de enfermidades celíacas	€ 450
Tratamento de enfermidades psiquiátricas crónicas con ingreso controlado en hospitais, centros ou unidades psiquiátricas recoñecidas, sempre que non se teña dereito a asistencia sanitaria para esta continxencia, nin cuberta a prestación por outras vías (axuda por día de internamento)	€ 87
Atención a persoas drogodependentes con ingreso en centro especializado ou mediante un terapeuta individual especializado (axuda por mes de ingreso ou atención)	€ 221
Axudas para estancias temporais en residencias asistidas e centros de día e de noite por perda transitoria de autonomía acreditada e que non poidan ser atendidos/as no seu domicilio durante todo ou parte do día (contía mensual máxima, en función da capacidade económica, por un máximo de 3 meses))	Entre 859 e 602 €/mes
Axudas para facilitar a autonomía persoal en función do grao de discapacidade ou dependencia e da capacidade económica: potenciación da capacidade residual, eliminación de barreiras arquitectónicas, compra de medios técnicos.	Varias

Prestacións sanitarias

Asistencia sanitaria

Inclúe a asistencia sanitaria no conxunto do Estado coa opción sanitaria elixida, así como asistencia sanitaria no estranxeiro. Neste caso MUFACE distingue:

- **Mutualistas e persoas beneficiarias destinadas e/ou residentes no estranxeiro**
- **Profesorado visitante en centros escolares de Estados Unidos e Canadá**
- **Desprazamentos temporais ao estranxeiro:** aqueles relacionados con cuestións laborais como funcionariado se a estadía é inferior a seis meses ou os que se realizan por motivos privados que non superen os dous meses. Neste caso distínguense, por unha banda, o **régime xeral de cobertura**, que poderá acreditarse se así o solicitase con certificado de cobertura sanitaria no estranxeiro, e, por outro, o **régime dos países para os que se emite a Tarxeta Sanitaria Europea (TSE)** ou o seu Certificado Provisional Substitutivo (CPS), válidos para os países incluídos na UE, así como Islandia, Liechtenstein, Noruega e Reino Unido (agás Xibraltar) e Suíza.

Axudas ao “copagamento” farmacéutico

Só para cubrir gastos de medicamentos de mutualistas xubiladas/os, viúvos e viúvas e orfas ou orfos en situación de vulnerabilidade.

Reintegro dos gastos sanitarios

- **En casos de non afiliación.** Prestación de reembolso dos gastos producidos pola asistencia sanitaria recibida por unha mutualista obrigatoria que, debendo figurar afiliada a MUFACE, non formalizou a súa adscrición e precisou asistencia sanitaria para si ou para as persoas beneficiarias. Terá dereito ao reintegro pola asistencia sanitaria recibida desde a data de efectos da súa toma de posesión ou desde a súa incorporación obrigatoria a MUFACE.
- **Gastos sanitarios no estranxeiro.** As persoas mutualistas e beneficiarias terán dereito ao reintegro dos gastos ocasionados pola asistencia sanitaria neste tipo de desprazamentos temporais cando tivese a súa causa nun **accidente, enfermidade, embarazo ou parto xurdido ou agravado durante a estancia no exterior.**

Existe na web de MUFACE unha Guía para desprazamentos temporais ao exterior que aconsellamos consultar aquí:



Receta electrónica

A implantación da receita electrónica segue mantendo dous ritmos diferentes. **Para mutualistas con asistencia sanitaria pública está xa dispoñíbel en todas as CCAA e as galegas e galegos xa podemos empregala en todo o estado.**

A implantación da receita electrónica no caso de optar por **entidades privadas só está implantada neste momento en Cantabria, Illas Canarias e Extremadura e irase implantando progresivamente nas demais CCAA**, coa previsión de que esta vixente en todo o estado ao longo de 2024.

Prestacións sociais

Hai unha serie de axudas e prestacións de carácter social que xestiona MUFACE e que pode solicitar tanto quen é **mutualista obrigatoria como as persoas beneficiarias.**

Prestacións sociais de carácter persoal

- *Subsidio por incapacidade temporal (baixa médica)*
- *Recoñecemento médico tras a denegación de licenza por enfermidade*
- *Dereitos derivados de accidente en acto de servizo ou de enfermidade profesional*
- *Lesións permanentes non invalidantes*
- *Gran invalidez*
- *Subsidio por risco durante o embarazo*

Prestacións sociais por familiares

- *Prestación por fillo ou filla ou menor acollido con*

discapacidade

- *Prestación por parto múltiple*
- *Subsidio por parto múltiple, compatíbel co anterior*

Axudas de protección sociosanitaria

MUFACE publica anualmente convocatorias de programas sociosanitarios para atender e facilitar a autonomía persoal (necesidades de persoas maiores ou en situación de dependencia relativas á eliminación de barreiras arquitectónicas, a adquisición de medios e axudas técnicas ou o mantemento da capacidade residual), con discapacidade, drogodependencia, enfermidade psiquiátrica crónica, para estancias temporais en residencias asistidas, con enfermidade celiaca ou en procesos oncolóxicos.

Outras axudas sociais

Existen tamén as seguintes axudas de carácter social:

- *Subsidio de xubilación*
- *Subsidio por defunción*
- *Axuda de enterro*
- *Axudas asistenciais para outras necesidades cando se carece dos recursos indispensábeis (como o “copagamento” farmacéutico)*
- *Bolsas de estudo exclusivamente para mutualistas para a matrícula universitaria*
- *Bolsas de estudo do legado Casado de la Fuente, para estudos de Enxeñaría Agronómica.*
- *Prestación do fondo especial para quen xeraron este dereito nalgunha das mutuas preexistentes a MUFACE.*
- *Servizos de Podoloxía, con tratamentos segundo prezos recollidos no convenio entre MUFACE e os Consellos Oficiais de Podólogos.*

A CIG-EnsinO reclama a recuperación das axudas recortadas

As contías que hoxe se poden chegar a percibir son menores ou as mesmas desde hai anos, como produto dos recortes. A CIG reitera a demanda de que se incrementen e actualicen xa que hoxe son escandalosamente mínimas tendo en conta a evolución dos prezos e a limitación nas subas retributivas.

O sindicato critica igualmente á Xunta de Galiza por non estender estas axudas, como mínimo, a todo o persoal (lembreos que o profesorado interino e substituto non é mutualista). Ademais, a negativa do goberno galego a recuperar o Fondo de Acción Social previo aos recortes de 2012 ou a incorporar nel axudas como as que existen en MUFACE provoca novamente unha diferenciación inxusta.

Incapacidade temporal

A incapacidade temporal é a baixa médica por enfermidade común ou profesional, por accidente sexa ou non laboral e tamén o período de observación por enfermidade profesional.

Duración

12 meses (365 días) prorrogábeis por outros seis (545 días). Unha vez rematada esta prórroga, e despois de proceder ao exame da situación da I.T., se se ditamina que existe expectativa de recuperación ou mellora do estado, **poderá prorrogarse durante 6 meses máis, até o máximo de 24 meses (730 días).** Esta competencia é única e exclusiva da **Inspección do INSS**. Existe tamén unha inspección médica en cada xefatura territorial de Educación mais non ten competencias neste ámbito.

O cómputo dos prazos comeza desde o inicio dunha baixa, entendéndose que existe un novo proceso patolóxico, e polo tanto un **novo cómputo, cando se interrompe a licenza por enfermidade durante 6 meses ou cando a enfermidade sexa diferente e non garde relación coa anterior.**

Tanto se a prestación sanitaria a realiza o SERGAS como unha entidade privada **o parte de Incapacidade Temporal que debe cubrir o ou a facultativa de Atención Primaria** para a persoa mutualista é especificamente de **MUFACE**. A diferenza do que ocorre coas baixas no Réxime da Seguridade Social a regra xeral é que o período de IT sexa de **15 días** renovábeis segundo a evolución da patoloxía. Porén, existe a excepcionalidade de que se expida por **30 días**. No momento de editar esta publicación este parte de baixa aínda é preciso comunicalo a través da aplicación de Datos persoais da web da Consellaría de Educación, malia que desde o pasado 1 de abril entrou en vigor unha norma que eximía a persoa en situación de IT de realizar este trámite diante da administración na que presta servizos. A Consellaría comprometeuse a que, en breve, todo o persoal mutualista de MUFACE con prestación sanitaria do SERGAS non precise realizar esta operación mais, pola contra, quen se acollera ou o faga nun futuro á asistencia de entidades privadas deberá, cando menos de momento, seguir entregando o parte de baixa ao non existir comunicación directa coa administración.

Prestacións económicas

Para ter dereito a elas ao longo da licenza por Incapacidade Temporal requírense **seis meses cotizados**, agás nos casos de accidente de traballo ou de enfermidade profesional.

Nos tres primeiros meses: cóbrase o 100% das retribucións básicas e complementarias por parte da Consellaría de Educación, unha vez eliminados os descontos para o persoal dependente da Xunta de Galiza, froito de campañas de presión como a realizada pola CIG-Ensino co recollida de sinaturas para evitar que se penalizara por enfermar, que estiveron vixentes entre 2012 e 2018. **Tense en conta o que se cobra no mes no que se colle a baixa.**

A partir do cuarto mes: as retribucións básicas seguen a cargo da Consellería e iníciase o pago dun subsidio de incapacidade temporal por parte de MUFACE, consistente na mellor das dúas situacións seguintes:

- a) *80% das retribucións básicas (soldo e trienios) + 1/6 da paga extra correspondentes ao terceiro mes de licenza.*
- b) *75% das retribucións complementarias percibidas no terceiro mes de licenza.*

A suma das retribucións básicas sufragadas pola Consellaría e do subsidio de MUFACE non poderá ser superior á cantidade percibida no terceiro mes de baixa. O importe das retribucións mantense fixo durante a baixa, malia as subas que puidesen corresponder por modificacións en concepto de antigüidade, incrementos salariais... que non se farán efectivas até o momento da alta.

Se existe algunha perda retributiva entre a suma destes dous pagamentos e o que se cobraría estando en situación de servizo activo -e logo de varias sentenzas e dunha intensa campaña de presentación de reclamacións promovida pola CIG-Ensino-, **a Consellaría está obrigada a complementar a diferenza**, mais sempre sobre o 100% das retribucións do mes no que se colleu a baixa.

O subsidio deberá solicitarse expresamente a través da sede electrónica de MUFACE (preferentemente), oficina, correo postal ou a través da unidade de persoal e extínguese unha vez transcorrido o tempo máximo de I.T. (18 ou 24 meses)


A situación de risco durante o embarazo ten o mesmo tratamento que a incapacidade temporal.

Vacacións non gozadas durante a I.T.

Despois de diversas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Supremo español, así como de varios xulgados galegos, está recoñecido o goce do mes de vacacións por coincidir a licenza por IT durante o mes de agosto. Estas vacacións gozaranse ao remate da baixa, independentemente de que sexa dentro do

mesmo ano natural ou non, iso si, sempre que non transcorresen máis de dezoito meses a partir do final do ano no que se orixinasen ditas vacacións.

Porén hai que ter en conta que a Consellaría interpreta que se durante o mes de xullo non se estivo de baixa nin se asignaron tarefas concretas, compútase ese período como se fosen vacacións gozadas.



Unha vez máis...
seremos a túa forza,
a túa voz

afíliate



RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

A que persoal afecta?

Está incluído o persoal docente do ensino público que non pertence a MUFACE, isto é, **profesorado interino e substituto**, profesorado de relixión e algúns colectivos reducidos de funcionariado procedentes doutras administracións actualmente integrados na Consellaría de Educación.

Ao persoal docente que aprobou as oposicións a partir de xaneiro de 2011 tan só se lle aplica este réxime xeral a efectos de xubilación. Porén, logo da entrada en vigor da norma que obriga a que todo o funcionariado de novo ingreso a partir desa data cotice polo réxime xeral da seguridade social e non por clases pasivas, **mantense no que fai referencia á súa vida laboral** (prestacións sanitarias, incapacidades temporais...) **dentro de MUFACE.** Esta información pode levar a confusión en moitas ocasións, sobre todo para as persoas que son novas mutualistas, polo que para calquera dúbida que se teña ao respecto, animamos a comunicarlle ao sindicato.

Asistencia sanitaria e prestacións farmacéuticas

Prestación de servizos médicos, farmacéuticos en réxime ambulatorio, hospitalario, domiciliario e de urxencia. Ten lugar nas instalacións do **SERGAS.**

O persoal docente en activo, en función dos tramos dos ingresos fixados pola SS, **aboa o 50% do valor dos medicamentos.** As persoas pensionistas teñen que pagar desde xullo de 2012 un 10%, cuns límites máximos mensuais en función da renda: 8€ en rendas inferiores a 18.000€ anuais e 18€ en rendas entre 18.000€ e 100.000€ anuais.

Incapacidade temporal

Duración

12 meses (365 días) prorrogábeis por outros seis (545 días). Unha vez rematada esta prórroga e despois de proceder ao exame da situación da I.T., se se ditamina que existe expectativa de recuperación ou mellora do estado, **poderá prorrogarse durante 6 meses máis**, até o máximo de 24 meses (730 días).



Prestacións económicas

Para ter dereito a elas ao longo da licenza por Incapacidade Temporal requírense **seis meses cotizados**, agás nos casos de **accidente de traballo ou de enfermidade profesional.**

Nesta situación cóbranse as retribucións íntegras que correspondan. A Seguridade Social faise cargo do 60% desde o cuarto día de baixa até o vixésimo e do 75% a partir do día vixésimo primeiro. O resto das retribucións até acadar o 100% está complementado pola Consellaría despois dun acordo acadado na Mesa Sectorial da Xunta de Galiza e tras unha forte campaña da CIG como sindicato máis representativo na administración pública galega para eliminar os descontos por enfermar, que seguen vixentes noutros sectores e administracións.

Vacacións non gozadas durante a I.T.

Despois de diversas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Supremo español, así como de varios xulgados galegos, está **recoñecido o goce do mes de vacacións por coincidir a licenza por Incapacidade Temporal durante o mes de agosto.** Estas vacacións gozaranse ao remate da baixa, independentemente de que sexa dentro do mesmo ano natural ou non. Porén hai que ter en conta que **a Consellaría interpreta que se durante o mes de xullo non se estivo de baixa nin se asignaron tarefas concretas**, hai que computar ese período como se fosen vacacións gozadas.

En calquera caso a posibilidade de gozalas a continuación da alta dependerá de que o persoal interino ou substituto teña nomeamento en vigor.

Situación de baixa e permanencia nas listaxes de interinidades e substitucións

En situación de baixa é preciso **solicitar praza para o curso seguinte** nos prazos establecidos para a elección de destino provisional (CADP). En caso de ter praza adxudicada e seguir en situación de baixa será nomeada unha persoa substituta mentres dure esa situación. A Consellaría recoñecerá o tempo que dure a IT como **servizos prestados a efectos administrativos** pero non así económicos, xa que seguirá sendo **a Seguridade Social a que abone o importe que lle corresponda como prestación ou subsidio**, dependendo do tempo de cotización previo.

Fin de contrato durante a situación de I.T.

Se un ou unha docente remata o contrato mentres está de baixa ten que **solicitar ao INSS que asuma**

o pagamento da prestación polo tempo que dure esta situación. Neste caso, a prestación é a mesma que a de desemprego (o 70% da base reguladora os 6 primeiros meses e o 50% despois).

Se se ten dereito á prestación por desemprego, a persoa desempregada cotiza durante o tempo que continúe de baixa, que se lle descontará do tempo de paro que lle corresponda (a todos os efectos é como se se estivese no desemprego). No caso de que a baixa se prolongue máis que o tempo que se teña de desemprego, haberá que poñerse en contacto co INSS para ver se se cumpren os requisitos para ter dereito a outro tipo de axudas ou subsidios económicos.

Se a baixa é por accidente laboral cóbrase o 100% da prestación por IT e non se desconta nada de tempo cando ao darse de alta se comece a cobrar a prestación por desemprego.



Desde o ano 2019 e grazas á presión da CIG elimináronse os descontos nas baixas

A loita e a presión sindical seguen a ser único camiño para avanzarmos en dereitos. Desde 2012 a 2018 os gobernos de Madrid e da Xunta aplicáronlles a todos e traballadoras do Estado español unha penalización por enfermar, con descontos desde o primeiro día de Incapacidade Temporal. Este recorte de dereitos segue vixente hoxe para a maior parte da clase traballadora. Froito dunha intensa campaña de reclamación de recuperación do que nos foi arrebatado, e após conseguirmos 12.000 sinaturas entre o persoal docente, a Xunta de Galiza eliminou esta discriminación a todo o seu persoal, tanto fixo coma temporal. Non ocorre o mesmo noutros sectores e administracións. Desde a CIG-Ensino animámoste a organizarte e a mobilizarte con nós para recuperar todo o que nos foi roubado durante estes anos, tanto en dereitos laborais, coma salariais e sociais.

Maternidade e risco durante o embarazo



Cal é a diferenza entre un embarazo de risco e unha situación de risco no embarazo?

- O **embarazo de risco** prodúcese cando se presentan problemas na súa evolución clínica, ao xurdir na xestación unha serie de situacións negativas que complican, dificultan ou impiden o seu normal desenvolvemento e que non son derivadas do traballo desenvolvido nas aulas, podendo derivar nunha incapacidade temporal.
- **Unha situación de risco no embarazo** prodúcese cando a exposición laboral, a existencia dalgún axente nocivo, condición de traballo ou procedemento xera un risco para a saúde da traballadora, con independencia da evolución clínica do embarazo.

Que recolle a lexislación de prevención de riscos laborais ao respecto da protección da maternidade?

A Lei de prevención de riscos laborais, ademais doutra normativa vixente, contempla a obriga da Consellaría de Educación de evitar que as traballadoras embarazadas, que desan a luz recentemente ou que se atopen en período de lactación natural, se vexan expostas a riscos que poidan danar a súa saúde ou a da súa descendencia. Na avaliación de riscos téñense que ter en conta os posibles perigos para o embarazo ou a lactación natural e, en función destes, a Consellaría de Educación deberá adoptar as medidas precisas,

adaptando as condicións de traballo. Se tal adaptación non é posible ou non é suficiente para garantir a seguridade da traballadora, esta deberá desempeñar un posto de traballo diferente e compatible co seu estado. No caso de non existir un posto alternativo, por non resultar técnica ou obxectivamente posible, poderá concederse unha **licenza por risco durante o embarazo ou a lactación natural**. No caso das funcionarias interinas, que pertencen ao Réxime Xeral da Seguridade Social, esta licenza recibe o nome de **suspensión de contrato por risco durante o embarazo ou a lactación natural**. Seguen a percibir o salario e conservan todos os dereitos inherentes á condición de traballadora por conta allea.

Que hai que facer se se está embarazada ou se durante a lactación o traballo supón un risco?

Hai que **dirixirse por escrito a Persoal da Xefatura Territorial da Consellaría de Educación** na que se presten os servizos, comunicándolle a situación de embarazo ou lactación natural, acreditada cun informe médico que diagnostique esa circunstancia. No escrito, solicitarase que se leven a cabo as actuacións oportunas por parte da xefatura territorial para que se avalíe o posto de traballo a fin de determinar se existe risco durante o embarazo e se deben adoptar as medidas oportunas.

Que ten que facer a Consellaría unha vez comunicada esta situación?

Ten que facer a avaliación de riscos do posto de traballo, ou verificala no caso de que estivese feita, e resolver a solicitude nun prazo máximo de 30 días desde que se presentou o escrito inicial. No caso de que non concedan a licenza por risco durante o embarazo ou a lactación natural, pódese presentar un recurso contra esa resolución negativa.

A baixa médica por IT como alternativa fronte á inoperancia da administración

A falta de resposta áxil por parte da Consellaría, esgotando o mes que teñen para decidir se conceden ou non o permiso por risco, ou ben a falta dunhas directrices claras que levan a que en ocasións non se entenda que **o traballo docente en determinadas condicións é motivo abondo para conceder esta licenza**, dado que o cambio de posto no ámbito docente é complicado, leva a que moitas mulleres recorran á vía da baixa médica, especialmente desde que se anularen os recortes que supoñían descontos por estar de baixa. Esta situación que en ocasións pasa a ser máis cómoda é, porén, un síntoma do fracaso da prevención de riscos que debería ter unhas pautas claras de actuación para fixar un protocolo que implique a licenza por risco automática en función da exposición de riscos durante o embarazo e, tamén, unha resposta nun prazo moi breve e non no mes que está fixado.

Permiso de maternidade após risco no embarazo

A situación de risco durante o embarazo ten o mesmo tratamento que a incapacidade temporal. No caso de **permiso de maternidade, a prestación é do 100% das retribucións, ao igual que o da outra persoa proxenitora.**

No caso das **docentes interinas e substitutas se rematan o contrato seguen cobrando o 100% da base reguladora até que acaben as 16 semanas** de permiso por parto e este período non se descota do tempo de paro que lles puidese corresponder. Porén non computa como tempo cotizado á Seguridade Social (hai que avisar á SS para que deixen de descontar a cota obreira).

A día de hoxe o permiso por parto é de **22 semanas para as traballadoras da Xunta de Galiza sempre que teñan contrato en vigor durante ese período.**

Sen embargo, o permiso que asume a Seguridade Social mantense nas 16 semanas. Unha docente con contrato en vigor durante todo o permiso por parto manterá ese dereito nas 22 semanas e mesmo poderá fraccionalo se a súa parella tamén traballa e solicita a súa paralización no momento de solicitar o permiso por parto. Sen embargo, se o contrato remata antes das 16 semanas, a Seguridade Social só lle aboará a prestación por maternidade até que se cumpran estas. Se volve ter un novo chamamento antes de que chegue ao tope das 22 semanas poderá solicitarlle á Consellaría gozar o tempo que lle quede. Se a nai está a cobrar o paro e solicita o permiso por parto debe pedir as prestacións por maternidade que son maiores que o subsidio de desemprego.

Equiparación de dereitos para ambas persoas proxenitoras

Todo o anterior é aplicable á outra persoa proxenitora, agás que só a nai, sexa por natureza biolóxica, adoptiva ou de acollemento legal, ten dereito a 22 semanas, se traballa para a Xunta de Galiza, limitando o permiso á parella a 16 semanas. **Unha sentenza do TSXG, logo dun recurso presentado pola CIG, recoñece o dereito da outra persoa proxenitora a gozar do mesmo permiso que a nai (22 semanas e non 16 como figura na Lei de emprego público de Galiza).** O sindicato xa solicitou á Consellaría de Facenda (de quen depende a modificación dos permisos xerais do persoal ao servizo da administración autonómica) e á Consellaría de Educación que **estendan con carácter xeral os efectos desta sentenza a todo o seu persoal**, incluído o docente.



Accidentes laborais no ensino público

Os accidentes laborais ou en acto de servizo teñen unha xestión diferente en función de que o ou a docente afectada pertenza a MUFACE (funcionariado de carreira) ou ao Réxime Xeral da Seguridade Social (profesorado interino).

MUFACE

Se se sofre un accidente no traballo, debe desenvolverse este proceso, para o que se conta dun prazo de 2 meses:

- A xefatura do Servizo de Persoal da Xefatura Territorial iniciará de oficio un expediente de pescudas para identificar as causas, determinar a relación de causalidade entre as consecuencias e a actividade realizada, e cualificar a situación como accidente en acto de servizo ou non.
- A persoa interesada debe enviar, a través do centro, a seguinte documentación:
 - Modelo de informe, do que dispón a dirección do centro.
 - Parte médico inicial, normalmente de urxencias.
 - Copia do primeiro parte de baixa, se o houber.
 - Declaración das testemuñas, se as houber.
 - Atestado policial ou da garda civil, se o houber.

Concluído o expediente de pescudas, remítese copia á persoa interesada e a MUFACE, que inicia de oficio o procedemento de **RECOÑECIMENTO DE DEREITOS DERIVADOS DO ACCIDENTE**, que rematarán nunha resolución e notificación á mesma.

No transcurso do proceso hai momentos determinados nos que se pode presentar nova documentación.

No caso que a Xefatura Territorial non inicie o expediente de oficio pode facelo a persoa interesada.

No caso de que se precisen **prestacións sanitarias excepcionais ou que se orixinen lesións permanentes non invalidantes**, debe ser a persoa interesada a que inicie o procedemento, unha vez rematado o expediente de oficio.

As lesións permanentes non invalidantes deben ser cualificadas polo **EQUIPO DE VALORACIÓN DE INCAPACIDADES (EVI) dependente do INSS**, que determinará se as lesións son susceptibles de **indemnizacións**, aplicando o baremo establecido no Réxime Xeral da Seguridade Social, ou se poden derivar no recoñecemento dunha **incapacidade permanente parcial**.

Prazo: 15 días para alegacións despois da valoración do EVI.

No caso de ter dereito a indemnizacións estas son compatíbeis coas que se poidan xerar da execución da póliza de accidentes persoais que ten subscrita a Xunta para todo o seu persoal, as 24 h, en calquera parte do mundo. Isto só é susceptible de aplicarse se **o accidente se produce en acto de servizo**.



RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

Para este profesorado (interino, substituto, persoal laboral non docente, profesorado de relixión) **os trámites fanse a través da Mutua.**

ACCIDENTE NO CENTRO DE TRABALLO: a dirección deberá encher un “**TALÓN DE SOLICITUDE DE ASISTENCIA**” que teñen nos centros educativos. En caso de non telo solicitarase á Mutua coa que a Xunta teña concerto.

ACCIDENTE “IN ITINERE”: A traballadora ou traballador debe acudir a recibir asistencia médica a un centro sanitario. Se é posíbel a un da rede da Mutua concertada pola Consellaría e senón, en segundo lugar, a un dos que teñan concerto con ela (a Mutua) e, de non ser posíbel, a calquera centro sanitario. O antes posíbel comunicárase ao centro de traballo o accidente e este debe remitir ao centro

asistencial (hospital, clínica, sanatorio etc.) o “**TALÓN DE SOLICITUDE DE ASISTENCIA**”. Se dá lugar a unha **baixa por IT** débese tramitar coa correspondente Xefatura Territorial a través da solicitude desta licenza mediante o **ANEXO IV** e os **informes médicos pertinentes**.

A modo de exemplo, considéranse accidentes en acto de servizo, entre outros, escordaduras, fracturas, infartos, accidentes vasculares... que teñan lugar no centro de traballo así como de automóbil no desprazamento entre este e o domicilio.

No caso de ter dereito a indemnizacións, estas son compatíbeis coas que se poidan xerar da execución da póliza de accidentes persoais que ten subscrita a Xunta para todo o seu persoal, as 24 h, en calquera parte do mundo, pero só se foi en acto de servizo.

A tramitación das baixas médicas por IT

Desde o 1 de abril de 2023 entraron en vigor unha serie de cambios na tramitación das baixas médicas que pasan polo cumprimento da normativa que indica que **non é preciso que o traballador ou traballadora teñan que achegar ningún xustificante de estar de baixa** ao se realizar directamente a comunicación desde o SERGAS.

As diferenzas existentes dentro do persoal docente (MUFACE, Seguridade Social) e a lentitude da Xunta en adaptar as aplicacións informáticas coas que conta provoca que aínda nos manteñamos nunha **etapa transitoria** que pasamos a resumir:

O procedemento segue a ser mediante a comunicación pola aplicación da web da Consellaría “**Datos persoais**” tendo en conta estas casuísticas:

► **Persoal vinculado ao réxime xeral da Seguridade Social (profesorado interino e outro):** deberá **comunicar a IT e a previsíbel duración desta** co mesmo sistema actual de datos persoais (www.edu.xunta.gal/datospersoais), na lapela Comunicación de incapacidade temporal mais **sen que sexa preciso que se suba ningún parte médico**

(baixa, confirmación ou alta).

A Xunta está a xestionar un cambio que de momento non teñen listo para que xa non se teña que facer ningún trámite e o faga a propia administración autonómica (a través do CIXTEC, a entidade que xestiona as nosas nóminas).

► **Funcionariado de carreira desde 2011 e persoal mutualista de MUFACE con prestación sanitaria do SERGAS:**

non hai cambios de momento e **debe achegar adxunto o parte médico en datos persoais.**

Para estes dous colectivos está previsto que se aplique o mesmo sistema de xestión directa a través do CIXTEC evitando, deste xeito, que as persoas que collan ou confirmen unha baixa ou sexan dadas de alta teñan que facer nada.

Aínda que desde o 1 de abril a Xunta debería ter implementada a nova norma que exime á persoa traballadora de enviar o parte de baixa á administración para a que traballa, esta opción de momento só está dispoñíbel para profesorado interino e substituto e prevese estendela a quen teña asistencia no SERGAS

► **Persoal mutualista de MUFACE con prestación sanitaria privada:** nin hai cambios nin se prevén a curto ou medio prazo porque o feito de que o parte médico sexa expedido por unha entidade privada impide que exista unha comunicación directa como se producirá entre o SERGAS e a Xunta.

COMO SERÁ A XESTIÓN DAS BAIXAS CANDO A XUNTA REMATE OS SEUS TRABALLOS?

Este é o procedemento anunciado pola Consellaría de Educación e que está pendente de aprobación para aplicarllo a todo o persoal da Xunta de Galiza:

- **O SERGAS emitirá unha información da baixa, confirmación ou alta ao CIXTEC.**
- **O CIXTEC enviará aos centros a comunicación.** O trámite desde a aprobación da baixa, confirmación ou alta até a recepción nos centros non será superior a **24 horas**.
- **As persoas afectadas non terían que facer ningún trámite en datos persoais** xa que o centro educativo tería xa toda a información.

- Esta medida afectará a **todo o profesorado do Réxime Xeral da Seguridade Social e ao pertencente a MUFACE con prestación sanitaria no SERGAS.** O profesorado de MUFACE con prestación privada terá que seguir tramitando as baixas coma sempre, a través de datos persoais e achegando o parte médico.

En previsión deste cambio recomendamos a todo o profesorado que revise que na súa nómina figure correctamente o centro no que ten destino xa que, como informou a Consellaría, o CIXTEC tomará como referencia o dato que apareza na mesma.

A atención sanitaria de urxencia

A atención sanitaria de urxencia é a que se presta en casos en que a situación clínica da persoa obriga a unha atención sanitaria inmediata. Pode dispensarse tanto nos centros sanitarios como no domicilio do paciente, durante as 24 horas do día todos os días do ano. Inclúe **atención médica, de enfermaría e colaboración doutros profesionais**, así como o **transporte asistido ou non asistido**, segundo requira a situación clínica da persoa doente, nos casos precisos para o traslado ao centro sanitario.

Onde chamar?

As persoas mutualistas de MUFACE que elixiron a **asistencia sanitaria pública así como as do RÉXIME XERAL (persoal interino)**, teñen como teléfono único de acceso aos servizos de atención de urxencias o **112**.

As persoas mutualistas de MUFACE que optaron pola **asistencia sanitaria concertadas**, deben chamar ao teléfono gratuíto do Centro Coordinador de Urxencias e Emerxencias ao que se atope adscrito:

ENTIDADE	TELÉFONO URXENCIAS
ASISA	900 900 118
DKV	900 300 799
ADESLAS	900 322 237

A que centros se pode acudir para recibir atención urxente?

As persoas adscritas aos servizos públicos de saúde poderán acudir aos Servizos de Urxencias hospitalarios, ambulatorios e de atención primaria de servizo autonómico de saúde correspondente.

Aqueloutras adscritas a entidades concertadas deberán acudir aos Servizos de Urxencia hospitalarios, ambulatorios e de atención primaria que consten no Catálogo de Servizos da entidade, podendo elixir entre eles libremente, acreditando a condición de mutualista ou persoa beneficiaria mediante a Tarxeta Sanitaria da entidade. Nos casos en que non sexa posíbel achegala pola situación de urxencia, identificarase co NIF ou outro documento que acredite a súa identidade.

Pódese acudir directamente ao servizo público de saúde se a entidade elixida é privada?

Se por decisión propia ou de familiares da persoa mutualista se utilizasen medios non concertados coa súa entidade, deberán **aboar, sen dereito a reintegro, os gastos que poidan ocasionar, agás nos supostos e cos requisitos establecidos para a asistencia urxente de carácter vital.**

Que se considera asistencia urxente de carácter vital?



É aquela na que se produciu unha patoloxía cuxa natureza e síntomas fagan presumíbel un risco vital inminente ou moi próximo, ou un dano irreparábel para a integridade física da persoa de non obterse unha actuación terapéutica de inmediato.

Para que as persoas mutualistas ou beneficiarias teñan dereito á cobertura dos gastos producidos por utilización de medios alleos en situación de urxencia vital, o centro ao que se dirixan ou sexan trasladadas **deberá ser razoabelmente elixido**, tendo en conta as circunstancias de lugar e tempo nas que se producise a patoloxía, así como a capacidade de decisión da persoa enferma ou, no seu caso, das persoas que prestaron os primeiros auxilios.

Situacións especiais de urxencia vital

Existen situacións que se consideran especiais e que, en resumo, se limitan a casos nos que interveñen os equipos de emerxencia pública activados por unha persoa distinta da mutualista ou a súa familia, polos corpos de seguridade do Estado ou outras estruturas de emerxencia non sanitarias (bombeiros por exemplo) ao ser atendida esta tras un accidente, ou por equipos de emerxencia sanitaria cando a persoa reside nun centro de maiores asistidos e a emerxencia a activa a dirección do centro ou ben reside no seu domicilio e se activa un servizo público de teleasistencia.

Que inclúe a asistencia de urxencia de carácter vital?

A cobertura inclúe os **gastos producidos pola situación de urxencia de carácter vital desde o ingreso até a alta hospitalaria** da persoa paciente, incluíndo os posibles traslados a outros centros por causas asistenciais, salvo nos dous supostos seguintes:

- **Cando a entidade**, coa conformidade do equipo médico que preste a asistencia, **ofreza unha alternativa asistencial** que posibilite o traslado da persoa doente a un centro propio ou concertado axeitado **e a paciente ou familiares responsábeis se neguen**.
- **Cando a persoa doente sexa remitida a un centro alleo** e non existan causas que impidan a continuidade do tratamento nun centro da entidade que teña escollida.

Como se debe proceder no caso de ter recibido asistencia urxente de carácter vital en medios non concertados?

A persoa mutualista ou beneficiaria, ou outra no seu nome, **comunicará á súa entidade de adscrición** a asistencia recibida con medios alleos, **achegando o informe médico de urxencias, dentro das 48 horas seguintes ao inicio da asistencia**, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas. Recibida a comunicación, **a entidade deberá contestar dentro das 48 horas seguintes** se recoñece a existencia da situación de urxencia vital e acepta o pagamento dos gastos producidos ou se, pola contra, non se considera obrigada ao pagamento por entender que non existiu tal situación.

Se a persoa beneficiaria aboara os gastos, a entidade deberá realizar o **reintegro dentro dos dez días naturais seguintes** á data de solicitude do mesmo presentando os xustificantes dos gastos.

Que facer de precisar asistencia urxente no Estado e ter destino ou residir no estranxeiro?

As persoas mutualistas desprazadas no estranxeiro que se atopen no Estado español e precisen asistencia urxente teñen á súa disposición o teléfono de urxencias gratuíto **900 300 799**.



Cursos presenciais

	DATA	LUGAR	HORAS
Paseos pedagóxicos de Vigo 2024. Orixes V. Arredor das Rías Baixas	Sábados 7, 14, 21 e mércores 11 e 25 de setembro	Vigo	32 h
XXXVI Semana da Educación de Pontevedra	Do 18 ao 21 de setembro	Pontevedra	20 h
IV Xornadas de Historia de Galiza. A nosa Historia facémola nós. Paseos histórico-pedagóxicos	16 de novembro	Santiago de Compostela	8 h
IV Xornadas de Normalización Lingüística	25 de xaneiro	Santiago de Compostela	8 h
XXI Xornadas das Mulleres	15 de marzo	Santiago de Compostela	8 h
XXXIV Xornadas de Lingua e Literatura	26 de abril	Santiago de Compostela	8 h
XXV Xornadas de Educación Infantil	26 de abril	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	21 de setembro	A Coruña	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	21 de setembro	Lugo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Pontevedra	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Ourense	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Ferrol	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	5 de outubro	Vigo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	5 de outubro	A Mariña	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	19 de outubro	O Morrazo	8 h



Pílulas formativas (NOOC)

1º TRIMESTRE:	Novidades legislativas para FP.
2º TRIMESTRE:	Un modelo competencial de ensino.
3º TRIMESTRE:	Aceso á docencia para Infantil e Primaria.
	Aceso á docencia para Secundaria e FP.

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg.gal

www.cig-ensino.gal


- Todos os cursos teñen solicitada a homologación da Consellería de Educación agás as pílulas formativas ou NOOC.
- **Aclaración sobre Competencia Dixital Docente:** segundo a Orde de formación, os cursos a distancia non poden simultanearse, excepto os cursos a distancia sobre CDD dos que se poden realizar 2 a un tempo. Se realizas 3 cursos desta programación “para certificar a competencia dixital”, combinando todas as áreas (A 1, A 2, A 3, A 4, A 5 e A 6), obterás a acreditación dixital docente no nivel B2.
- **Axudas económicas para formación:** segundo o establecido na Orde de reintegros individuais, da que a convocatoria de 2024 se publicará previsiblemente en outubro, pódense recibir axudas económicas para matrícula e desprazamentos. Se se quixesen solicitar, haberá que gardar os xustificantes de pagamento dos dous conceptos.

1º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 25 DE SETEMBRO AO 18 DE OUTUBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 E A 5. Configuración de tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz.
- O audiovisual no ensino.
- Os centros de titularidade do Estado no marco da acción educativa española no exterior.

2ª QUENDA DO 22 DE OUTUBRO AO 15 DE NOVEMBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Deseño gráfico de materiais vectoriais para Polos Creativos e aplicación nas aulas.
- Programacións didácticas para secundaria.
- Deseño de situacións de aprendizaxe e secuencias didácticas para as áreas lingüísticas.

3ª QUENDA DO 20 DE NOVEMBRO AO 17 DE DECEMBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Análise e elaboración de tecnoloxía dixital da Administración Educativa para avaliación formativa.
- A arte como recurso para promover a coeducación nas aulas.
- Educación para o cambio: a integración da Axenda 2030 e os ODS na aula.

2º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 10 AO 31 DE XANEIRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Deseño gráfico de materiais vectoriais para Polos Creativos e aplicación nas aulas.
- Conceptos clave para a elaboración dun Plan de Apoio de atención á diversidade e Programas de Intervención para PT e AL.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas en Primaria.
- Deseño de tarefas e probas competenciais para as PAU.

2ª QUENDA DO 4 AO 27 DE FEBREIRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Análise e elaboración de tecnoloxía dixital da Administración Educativa para avaliación formativa.
- Música galega: vehículo para o ensino actual en todas as áreas e materias.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas para FP.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas para Infantil.

3ª QUENDA DO 11 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

- Autora ou autor que se homenaxea no Día das Letras Galegas.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 E A 5. Configuración de tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz.
- Portugués inicial para docentes A2.2.

3º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 8 DE ABRIL AO 5 DE MAIO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Actividades interactivas e de avaliación con H5P en Moodle e E-Dixgal.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 e A 5. Intelixencia artificial para o ensino e atención á diversidade.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Aula invertida e podcast.
- Orientacións para o módulo de dixitalización aplicada ao sector produtivo.

2ª QUENDA DO 8 DE MAIO AO 2 DE XUÑO

- Implicacións docentes da nova normativa de FP.

Duración dos cursos a distancia: 30 horas